

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN lingua galega curso 2021-22

### 1º e 2º da ESO

<b>60%</b>	<b>probas escritas **</b>
<b>10%</b>	<b>Lecturas (1 lectura por trimestre)</b>
<b>10%</b>	<b>Lecturas voluntarias (1 por trimestre)</b>
<b>20%</b>	<b>Exposición oral planificada ou espontánea</b>
<b>0.5</b>	<b>Participación nas actividades de Dinamización e traballos voluntarios</b>

**\*\* En 1º da ESO no apartado de Probas escritas valoraremos un 50% as Probas e un 10 % o Caderno do alumno-a**

### 3º e 4º da ESO

<b>80%</b>	<b>PROBAS ESCRITAS considerando nelas os 4 Bloques de contido do Decreto 86/ 2015 (Comprensión e Expresión escrita, Funcionamento da lingua, Lingua e sociedade e Educación Literaria)</b>
<b>10%</b>	<b>LECTURAS</b>
<b>10%</b>	<b>Exposición oral planificada e/ou espontánea na aula</b>
<b>0.5</b>	<b>Participación nas actividades de Dinamización e traballos voluntarios</b>

Haberá lecturas voluntarias (3 ou máis durante o curso) que sumarán 0,75 máis na nota de final de curso, 0,25 cada unha

### BACHARELATO

<b>80%</b>	<b>PROBAS ESCRITAS :</b> <b>a) comentario crítico, análise de textos e funcionamento da lingua</b> <b>b) temario de sociolingüística e literatura</b>
<b>10%</b>	<b>LECTURAS</b>
<b>10%</b>	<b>Exposición oral planificada e/ou espontánea na aula ***</b>
<b>0.5</b>	<b>Participación nas actividades de Dinamización e traballos voluntarios***</b>

**\*\*\*En 2º de BAC non haberá estes apartados e consideraremos un 5% as lecturas voluntarias (1 por trimestre) e un 5% a elaboración de traballos, comentarios, resumos,... que se pidan e que irán enfocados á mellora da preparación das probas ABAU**

Haberá lecturas voluntarias (3 ou máis durante o curso) que sumarán 0,75 máis na nota de final de curso, 0,25 cada unha

Nos criterios para avaliar teranse en conta :

- 1) **Faltas de ortografía:** que poderán descontar ata 2 puntos menos (-0,05 por faltas de acentuación, -0,10 por castelanismos, til diacrítico, b/v...) especialmente (aínda que non unicamente) en 2º de BAC seguindo os criterios das probas ABAU
- 2) **Actitude positiva na materia:** o cumprimento das normas do Centro, a responsabilidade co material didáctico, a realización de tarefas diferentes ás académicas, seguindo os estándares da competencia social e cívica, aprender a aprender e conciencia e expresións culturais

**Outras puntos de interese:**

**1. Faranse 2 parciais por avaliación de maneira preferente sempre e cando haxa materia suficiente para repartila en 2 parciais, do contrario farase un único exame. Será o profesor-a quen valore e decida esta situación**

**2. Terá que facer a recuperación aquel alumno que non chegue á metade de puntuación que esixan os exames en Bacharelato. En 1º e 2º da ESO será suficiente un 2,5 sobre 10. En 3º e 4º da ESO será necesario un 3, 2 sobre 10**

**3. As recuperacións da materia faranse no remate da avaliación (antes ou despois da entrega de notas)**

**4. o alumnado non presentado ás probas poderá recuperar sempre e cando presente un xustificante médico**

**5. As probas para a avaliación extraordinaria conterán os contidos mínimos imprescindibles e determinantes para poder continuar o ensino de lingua galega no curso seguinte.**

**5. Os procedementos para avaliar serán variados e adaptados ás características do alumnado, especialmente a aqueles alumnos-as con n.e.e. Entre eles podemos destacar: a observación diaria na clase, as probas orais e escritas, a análise e revisión de tarefas (caderno, traballos solicitados) e análise das producións orais e escritas do alumnado na clase, así como as intervencións e intercambios orais co alumnado.**

### **Criterios de avaliación Lingua portuguesa curso 2021-22**

Competencia lingüística	escrita	70%
	Oral Lectura “Uma aventura...”	20%
Competencia dixital	10%	
Competencia conciencia e expresións culturais		
Competencia social		
Competencia aprender a aprender		

As probas de avaliación escrita e as competencias lingüísticas correspondentes á expresión e comprensión escrita serán valoradas sobre un 70 %

As probas de avaliación oral, ben constatables ou ben a través da observación e evolución do alumnado serán valoradas sobre un 20%. Nelas inclúense as competencias lingüísticas expresión e comprensión oral. Dentro desta porcentaxe inclúese a conversa (con preguntas adaptadas e dirixidas) sobre un libro de lectura en portugués, que ben pode ser “Uma aventura na escola ou Uma aventura na cidade” ou calquera outro dun nivel máis baixo se así o require algún alumno-a

## **ENSINO NON PRESENCIAL OU SEMIPRESENCIAL**

No caso de que houbera un ensino non presencial ou semipresencial realizaríamos:

- Un ensino on line polos medios que nos facilite a Consellería de Educación (Webex, email) no horario espello que se entregue a Inspección educativa a comezos deste curso académico
- Unha planificación de tarefas e traballos por medio da Aula virtual, tras verificar no comezo deste curso que todo o alumnado está ben matriculado na materia de lingua galega e que dispón dos medios informáticos e de cobertura necesarios para levar isto a cabo.
- Nos cursos 1º e 2º o material de traballo seguirá sendo Edixgal e no resto o libro de texto ou os apuntamentos que vaia subindo o profesor á Aula virtual caso de ser 2º de Bac. En todos os cursos o profesorado reforzará os contidos necesarios, se é o caso, con material extra
- Unha avaliación por medio da aula virtual con exames adaptados a este medio, que ben poden ser test, vídeos con exposicións orais realizadas polos alumnos-as, ou a avaliación das tarefas realizadas e subidas por eles.
- A comunicación coas familias será por medio do espazo Abalar sempre que sexa imprescindible, aínda que esta comunicación vai estar xestionada tamén a través do titor-a correspondente de grupo como intermediario.